

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 17 DE ABRIL DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:05 horas do día 17 de abril de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 15 de abril, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D. José Riesgo Boluda (asiste a todos os puntos agás ao 4 e 10)  
D. Óscar Couce Senra, vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste ao punto 10)  
D<sup>a</sup>. Pilar Carneiro Miniño (asiste aos puntos 8c e 4b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 29 de marzo de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SCHINDLER, S.A.

Durante o prazo concedido, SCHINDLER, S.A. presentou documentación da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 9 de abril de 2019 o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que *"non se pode chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato"*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste



procedemento de SCHINDLER, S.A., por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

## 8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441) (informe sobre C)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 12 de abril de 2019 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

### b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da Cidade de Vigo” (18.041-333) (informe proposición avaliable mediante xuízo de valor)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 8 de abril de 2019 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

### c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) (informe proposición avaliable mediante xuízo de valor)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Xuventude o 15 de abril de 2019 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*” que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Faise constar que se ben AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL indicou no DEUC que se presenta aos lotes 4, 5 e 9, a documentación presentada no sobre B só se refire aos lotes 4 e 9.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

## 9.- Propostas de clasificación/clasificación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:44	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA34A-EEE854-8DA5DH-VTNHUG-QXV7VE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir a SCHINDLER, S.A. deste procedemento, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non telos xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte ao informe asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 9 de abril de 2019.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos ao intemperie do Concello de Vigo (29-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U.	91,00
2	ASCENSORES ENOR, S.L.	72,66

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**4.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da Cidade de Vigo” (18.041-333)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% desconto único a aplicar aos prezos unitarios con excepción do previsto no nº 1 da táboa (custos salariais)	Maior experiencia responsable coordinación tarefas montaxe e desmonte dos equipamentos e infraestruturas
1	TEAM RELAY, S.L.	15%	11



	Licitador	% desconto único a aplicar aos prezos unitarios con excepción do previsto no nº 1 da táboa (custos salariais)	Maior experiencia responsable coordinación tarefas montaxe e desmonte dos equipamentos e infraestruturas
2	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	15%	12

Ambos os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.  
Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo do contrato			Realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco			Formación de Educación Especial ou Integración Social do persoal para a atención de nenos/as con necesidades educativas especiais, se os houberse		
		Lote 8	Lote 9		Lote 8	Lote 9		Lote 8	Lote 9	
1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. (lotes 8 e 9)	16.448,84	11.588,14		2	2		1	1	
2	DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) (lotes 4 e 5)	18.568	18.568		4	4		1	1	
3	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 10)	36.997,06			1			1		
4	SERVIPLUSTOTAL, S.L. <sup>1</sup> (lotes 4, 5 e 7)	18.425	18.425	18.425	4	4	3	3	3	4
5	UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN	Lote 6			Lote 6			Lote 6		

1 SERVIPLUSTOTAL, S.L. formula, para os lotes 4, 5 e 7, o prezo 16.750 euros, sen incluír o IVE, polo que o prezo total é de 18.425 euros. En consecuencia, a oferta proposta para o lote 7 excede do orzamento base de licitación para ese lote.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:44	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA34A-EEE854-8DA5DH-VTINHUG-QXV7VE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



	SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (lote 6)	16.912			1			1		
6	BARAFUNDA, S.L. (lotes 5, 6 e 7)	Lote 5 20.990	Lote 6 17.590	Lote 7 17.590	Lote 5 4	Lote 6 3	Lote 7 3	Lote 5 4	Lote 6 4	Lote 7 4
7	AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lotes 4 e 9)	Lote 4 21.597,13	Lote 9 12.747,53*		Lote 4 4	Lote 9 2		Lote 4 0	Lote 9 0	

\* A oferta proposta por AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL para o lote 9 excede do orzamento base de licitación para ese lote.

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP agás AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Excluir a SERVIPLUSTOTAL, S.L. do lote 7 e a AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL do lote 9 por exceder as súas ofertas do orzamento base de licitación dos correspondentes lotes (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2C do prego de cláusulas administrativas particulares).
2. Conceder un prazo de tres días a BARAFUNDA, S.L. para que presente o orzamento detallado esixido no PCAP (apartado 6B do Anexo I e cláusula 14.2.B) para cada un dos lotes aos que se presenta.
3. Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

## 10.- Propostas de adjudicación

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obra de instalación de asentos para a Grada de Río Baixo no Estadio municipal de Balaídos (23-441)**

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e obra de instalación de asentos para a Grada de Río Baixo no Estadio municipal de Balaídos (23-441)



## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 4 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión de CIVIS GLOBAL, S.L., acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo na sesión do 26 de marzo de 2019, por non acadar a súa proposición avaliable mediante xuízo de valor o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I (FEC) do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro e obra de instalación de asentos para a Grada de Río Baixo no Estadio municipal de Balaídos (23-441) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación</b>
<b>1</b>	<b>PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.</b>	<b>95,00</b>
<b>2</b>	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	75,15

Terceiro.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 5 de abril de 2019, que presenta a documentación requirida o 16 de abril, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 17 de abril de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:44	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA34A-EEE854-8DA5DH-VTINHUG-QXV7VE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 22 e 28 de marzo de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adjudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro e obra de instalación de asentos para a Grada de Río Baixo no Estadio municipal de Balaídos (23-441) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 546.952,53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 94.925,65 euros.*
- b) Propón un incremento do prazo de garantía de 12 meses (36 meses en total).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da rúa Urzáiz” (222-441)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei



- 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da rúa Urzáiz” (222-441)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da rúa Urzáiz” (222-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Valor da baixa</b>
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	40.471,54 €
2	HORDESCON, S.L.	35.205,20 €
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	33.841,29 €
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	33.601,28 €
5	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	32.637,92 €
6	NAROM, S.L.	24.645,94 €
7	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.	21.330,81 €
8	VIAS E SERVIZOS COMPOSTELA	20.490,78 €
9	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	20.445,78 €
10	CIVIS GLOBAL, S.L.	4.650,18 €

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o día 11 de abril de 2014, que presenta a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:44	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA34A-EEE854-8DA5DH-VTNNHUG-QXV7VE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



documentación requirida o 11 e 15 de abril, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 17 de abril de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa economicamente para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula do 1 de abril de 2019.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de “Pavimentación da rúa Urzáiz” (222-441) por un prezo total de 109.534,17 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.010,06 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:44	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA34A-EEE854-8DA5DH-VTNHUG-QXV7VE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 19:44	Páxina 10 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA34A-EEE854-8DA5DH-VTNHUG-QXV7VE-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		